



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/54	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	17 de decembro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 20:55 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Expediente 5932/2018. Solicitud de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta-informe emitido en data 10.12.2018 polo departamento de xestión de ingresos tributarios (inspección de taxas), referente a solicitude de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras a nome de "LEMBRANZA E.S.P.J.", que é como segue:

*"LEMBRANZA E.S.P.J.", con CIF nº X e con enderezo en rúa Nova, nº X-Cangas, rep.: G. A.de G. F., con NIF nº X e con enderezo na Avda. de Vigo, nº X.-Cangas, solicita a instalación de 24,00 m2., de terraza en vía pública na Avda. Eugenio Sequeiros.*

*A Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27-7-2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos. Segundo o capítulo III:*

*- Punto 1: a colocación das terrazas nas vías públicas, deberá en todo caso, respectar o uso común xeral preferente destas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado.*

*- Punto 2: será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa/rúa na que se instale teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.*

*Proposta-informe: ocupación de vía pública con mesas e cadeiras na Avda. de Eugenio Sequeiros (entre a rúa Nova e a rúa Retrama) de 24 m2., do 17 de decembro de 2018 ao 31 de xaneiro de 2019".*

### Expediente 5853/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5853/2018.- A "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X , para en rúa Xareira-Pintens-O Hío (referencia catastral X) (SGD: X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 9,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data 27 de novembro de 2018, coas seguintes condicións:

[1][2][3][4][5]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15

Concello de Cangas



de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil cento noventa euros con corenta e cinco céntimos (1.190,45 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 4962/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4962/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, X, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para no lugar de Santa Marta, nº X-Darbo (referencia catastral X) (Expte. Nº: X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 11,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data 13 de setembro de 2018 e vista a autorización da Xefatura Territorial de Patrimonio de data 26 de novembro de 2018, coas seguintes condicións:

[6][7][8][9][10]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Debe computarse no aval global depositado o importe de mil sesenta e un euros con noventa e tres céntimos (1.061,93 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

#### Expediente 1718/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1718/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para en estrada de Bueu, nº X-Aldán (referencia catastral X) (Expte. Nº: SDG:X), canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 61,00 metros de lonxitude e unha arqueta de acceso á rede, de conformidade coa documentación presentada en data 9 de abril de 2018 e vista a autización da AXI de data 17 de xullo de 2018, coas seguintes condicións:

[11]

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil cento trinta e nove euros con noventa e cinco céntimos (2.139,95 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:



\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

### Expediente 4501/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4501/2018.- A "ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SLU", titular do titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Parque Empresarial 'La Finca', Paseo del Club Deportivo, nº X-Pozuelo de Alarcón (Madrid), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para despregamento de fibra óptica en rúa rúa Real, Ramón Franco e rúa Estrela (Nº ACTUACIÓN: CR004487-01), de conformidade coa documentación presentada en data setembro de 2018 e visto o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local de data 29 de outubro de 2018, no que se aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Cangas e "Orange España Comunicaciones Fijas SAU", para o despregamento de fibra óptica e visto o escrito de "Orange", de data 22 de novembro de 2018, coas seguintes condicións coas seguintes condicións:

[12][13][14][15][16]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SLU", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.



Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 5221/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[17][18][19]EXPEDIENTE Nº 5221/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, para en rúa Longán-Coiro (referencia catastral nº X) (SGD:X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 12,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data outubro de 2018, coas seguintes condicións:

[20][21][22][23][24]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análises sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de mil seiscientos oitenta e catro euros con cincuenta e cinco céntimos (1.684,55 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**Expediente 4106/2018. Prórroga de licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento



[25][26][27]EXPEDIENTE N° 4106/2018 (EXPEDIENTE N° 21.580.- LICENZA MUNICIPAL N° 21.029).- Conceder a "CONSTRUCCIONES DOCÍO SL", a prórroga da licenza n° 21.029, por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145 da lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 14.08.2018 obrante no expediente.

#### Expediente 3866/2018. Licenza de primeira ocupación

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[28][29][30][31]EXPEDIENTE N° 3866/2018.- Expediente de obras n° 26.257.- LICENZA N° 25.075.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a M. C. L., con enderezo en Travesía de Vigo, n° X-Vigo, para unha vivenda unifamiliar sita no lugar de rúa Castiñeiras-O Hío (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal n° 25.075, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta municipal de data 28 de novembro de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 13 de decembro de 2018.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### Expediente 5758/2018. Licenza primeira ocupación

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[32][33][34]EXPEDIENTE N° 5758/2018.- Expediente de obras n° 18.292.- LICENZA N° 18.050.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a L. S. M., con enderezo en Areacova, n° X-Aldán, para unha vivenda unifamiliar sita no referido lugar (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal n° 18.050 e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto pola arquitecta de urbanismo (PEPRI) de data 28 de novembro de 2018 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 13 de decembro de 2018.

#### Expediente 5640/2018. Comunicación previa en materia urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 5640/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. ANGEL V. R., para reparación da cuberta de 112,08 m2., en vivenda unifamiliar sita no lugar do Xistro, n° X-A-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico A. G. P., de data outubro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil oitenta e tres euros con oitenta e sete céntimos (4.083,87 €).



**Expediente 5847/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5847/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. D. L., para apertura de oco en fachada e arranxo da beirarrúa na Avenida de Bueu, nº X-Cangas, de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola arquitecta de urbanismo (PEPRI):

- Antes do comezo das obras deberán poñerse en contacto cos servizos técnicos do Concello para supervisar a rasante definitiva da beirarrúa.

- O sinal con a cruz verde de sinalización de farmacia deberá colocarse ao lado actual de prohibido aparcarse agás farmacia, ou de ser posible no mesmo poste.

O presuposto de execución das obras ascende a mil catrocentos vinte e oito euros con trinta e tres céntimos (1.428,33 €).

**Expediente 5337/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5337/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. F. R., para acondicionamento de local de planta baixa nunha superficie de 131,14 m<sup>2</sup>., para uso deportivo, sito en rúa Baiona, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada pola arquitecta M.A.C.V, de data outubro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a corenta e nove mil novecentos oitenta e catro euros con dous céntimos (49.984,02 €).

**Expediente 5097/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5097/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. V. L., para apertura de oco para portal metálico e formación de rampla, no lugar da Avda. de Vigo, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada e visto o informe da Policía obrante no expediente nº 5980/2018, sobre a posible concesión de pasaxe permanente. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos euros (900,00 €). Tráscríbese a continuación o informe da Policía Local.

“*INFORME POLICÍA:*

*1º.- Actualmente non existe acceso para vehículos desde a citada rúa á vivenda que posúe o interesado no lugar, isto é, nin hai portal, nin o acceso está habilitado para a entrada de vehículos, así como tampouco de persoas.*





2º.- *Que no suposto caso de que existise portal de acceso habilitado para a entrada de vehículos deica o interior da propiedade, non observan inconveniente en acceder ao solicitado, xa que o cerramento da propiedade (finca) do solicitante linda cun espazo público, actualmente un xardín ou zona verde.*

3º.- *Se os técnicos deste concello o consideran axeitado, poderíase permitir o acondicionamento, como zona de transición entre a zona asfaltada e a citada propiedade do solicitante, como o espazo necesario para o acceso de vehículos. Esta medida levaría parella a eliminación de unha praza de estacionamento, para así conseguir o mencionado anteriormente".*

**Expediente 5766/2018. Comunicacions previa en materia urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 5766/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. R. D., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Gondomar, nº X-Cangas, para cambio de material de cuberta en edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto M.A S.S. de data 21 de novembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a seis mil oitocentos euros (6.800,00 €).

**Expediente 7863/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 7863/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C.G.V., para legalización de actuacións realizadas no lugar do Igrexario, nº X-O Hío (referencia catastral X), e construción de cerramento lateral e frontal, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. R.L. de data 14 de xuño de 2018 e condicións impostas pola Consellería de Cultura e Turismo de data 26 de novembro de 2018 e pola Deputación Provincial de vías e obras de data 20 de novembro de 2015. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos cincuenta e oito euros con noventa céntimos (1.558,90 €).

**Expediente 5402/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

EXPEDIENTE Nº 5402/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por H. G. G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Augusto González Besada, nº X-Pontevedra, para colocación de pedra sobre muro existente sito no lugar de Cunchido de Arriba, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación elaborada polo arquitecto técnico H. G. G. de data outubro de 2018. O presuposto de execución material



Concello de Cangas

ascende a mil trescentos cincuenta e seis euros (1.356,00 €).

#### Expediente 5219/2018. Cambio de titularidade de actividade

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5219/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. B. G., titular do DNI nº X con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº X-Bueu, para cambio de titularidade de tenda dedicada a venda de roupa no local sito na Rúa Santa Baia, nº X (referencia catastral X), que ata agora rexentaba N. D. V, segundo o informe favorable da arquitecta de data 30 de novembro de 2018.

#### Expediente 7292/2017. Expediente nº 29/2017 de reposición da legalidade urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[35][36][37][38][39]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía referente a expediente de restauración da legalidade urbanística nº 7292/2017-29/2017, que é como segue:

*"Resultando que no lugar de Menguíña-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en construción de dúas casetas; unha de aproximadamente 20 m<sup>2</sup>., arrimada ao lindeiro con cuberta de fibrocemento ondulado e outra de aproximadamente 15 m<sup>2</sup>., tamén arrimada ao lindeiro con cuberta de chapa metálica sobre estrutura metálica.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: R. G. P., promotor.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a R.G.P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar dúas casetas; unha de aproximadamente 20 m<sup>2</sup>., arrimada ao lindeiro con cuberta de fibrocemento ondulado e outra de aproximadamente 15 m<sup>2</sup>., tamén arrimada ao lindeiro con cuberta de chapa metálica sobre estrutura metálica, sen licenza para iso.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*

*CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertindo que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolle que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valer, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.*

*SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".*

**Expediente 2387/2018. Expediente nº 31/2012 de reposición da legalidade urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[40][41][42][43][44]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía referente a expediente de restauración da legalidade urbanística nº 2387/2018 - 31/2012, que é como segue:



*"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, pondrán fin ao procedemento a resolución, o desestímulo, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico e a declaración de caducidade.*

*Segundo o artigo 85 do mesmo texto legal, o pago voluntario da sanción, en calquera momento anterior á reolución, implicará a terminación do procedemento.*

*Con data 03.10.2018, 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', solicita a redución do 50% da sanción que lle corresponde para proceder ao seu pagamento no período voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.09.2018 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.*

*Obra no expediente xustificante de pagamento de data 22 de outubro do 2018, de 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 2387/2018-21/2012.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### ACORDO

*PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', por ter realizado no lugar de estación de autobuses, as obras de instalación de barreiras de acceso, visto o o xustificante de pagamento de data 22 de outubro do 2018, obrante no expediente".*

#### **Expediente 6039/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[45][46][47] Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a E.N.N., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002139 – 34147, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

#### Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95)



Concello de Cangas

€ (doce euros con once céntimos (12,11€hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento corenta euros con sesenta e catro céntimos (140,64 €mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

#### Expediente 6041/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a M.B.M. con DNI: X e con expediente 36008/02/001918 – 25238, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cento vinte e un euros con dez céntimos (121,10 €) (doce euros con once céntimos (12,11€hora)).

Achega económica da persoa usuaria: vinte e seis euros con dez céntimos (26,10 €mes).

Número de horas: 10 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

#### Expediente 6040/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[48][49][50] Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a E.S.V. con DNI: X e con expediente 36008/02/000498 –65737, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



detalles:

Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: corenta e un euros con trinta e dous céntimos (41,32 €/mes).

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

**Expediente 2164/2017. SAF 3052/01. Variación no Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[51][52][53]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de resolución de data 10.12.2018 do director do Centro Municipal de Benestar Social, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* DAR A BAIXA a J.F.M., con DNI nº X e expediente nº 36008/01/003052, do Servizo de axuda no fogar, por traslado a centro residencial.*

*Data de efectos da baixa: 4 de decembro de 2018".*

**Expediente 6115/2018. Variación no Servizo de axuda no fogar**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[54][55][56]Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\*MODIFICAR a proposta de concesión do Servizo de axuda no fogar a O.P.G., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002833-61018 e de acordo cos seguintes detalles:



Concello de Cangas

Quenda: prestación do servizo a través do *Sistema para a autonomía e atención á dependencia* (*actualmente é* beneficiaria do servizo a través da quenda de libre concorrencia (34 horas/mes).

Intensidade: de 1 a 20 horas mensuais, segundo o seu Programa de atención individualizada.

Achega económica da persoa usuaria: setenta e dous euros con cincuenta e dous céntimos (72,52 €/mes).

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).

Data de efectos da modificación do SAF: a partir do 17 de decembro de 2018.

#### **Expediente 6033/2018. Proposta de concesión de axuda económica de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[57][58][59][60][61]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de resolución de data 05.12.2018 do director do Centro Municipal de Benestar Social, para concesión de axuda de emerxencia social, que é como segue:

*"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

*D. E. G. G., xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra).*

*Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\* Concesión de axuda económica por importe de catrocentos noventa e dous euros (492,00 €), a V.C.C., con DNI nº X".*

#### **Expediente 5793/2018. Proposta de inicio do procedemento de contratación do servizo de xestión da piscina municipal "A Balea"**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[62][63][64][65][66]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 10.12.2018, referente ao inicio de procedemento de contratación do servizo de xestión da piscina municipal "A Balea", que é como segue:

*"Vista a proposta do Concelleiro de Ensino e Deportes, don Xoán Chillón Iglesias asinada dixitalmente o día 5/12/2018 que literalmente di:*

*'PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE RELATIVA Á NECESIDADE DE LICITACIÓN DE SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



1º.- Vista a necesidade de licitación da prestación de servizo para o normal funcionamento da piscina municipal 'A Balea'.

2º.- Visto que os datos necesarios para o inicio do proceso de licitación son:

- Importe anual IVE non incluído: 278.334,00 €.
- Importe anual con IVE: 336.784,10 €.
- Inversión anual de 20.000€ (60.000€ en tres anos).
- Período de 3 + 1 anos en período de 1 de febreiro de 2019 a 31 de xaneiro de 2022.

3º.- Vista a urxencia do proceso de licitación.

Polo exposto trasládase ao departamento de apoio xurídico para a licitación da nomeada instalación deportiva'.

Considerando esta Alcaldía que é necesaria a contratación do servizo proposto, propono á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento de contratación do servizo de xestión da piscina municipal 'A Balea'.

**SEGUNDO.-** Que se incorporen ao expediente o plan económico de viabilidade e o prego de prescricións técnicas (PPT), cuxa redacción foi encargada á empresa 'QUALITY OPTION SL' (NIF nº X) mediante Decreto da Alcaldía nº 2018-1490 de data 04.10.2018, por un prezo de dez mil douscentos oitenta e cinco euros (10.285,00 €) (IVE incluído) e un prazo de execución de 45 días naturais.

**TERCEIRO.-** Unha vez incorporados os anteriores documentos, que se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.-** Que polo secretario municipal se emita o preceptivo informe.

**QUINTO.-** Que o interventor faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a realización deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

**SEXTO.-** De todo o actuado darase conta á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación co fin de que adopte o acordo que corresponda".

**Expediente 5978/2018. Renuncia voluntaria posto de peixe nº 1 do Mercado Municipal de Abastos**

**Favorable**

**Tipo de votación:**





Unanimidade/Asentimento

*Por escrito con rexistro de entrada nº 14.060 do 30.11.2018, C. R.G., con DNI nº X, solicitou a baixa do posto de peixe nº 1 do Mercado Municipal de Abastos.*

*Vista a proposta de data 10.12.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente á renuncia solicitada pola Sra. R. G.*

*Consultado o departamento de tesourería, resulta que está pendente de aboamento o recibo correspondente ao mes de decembro actual polo que a baixa efectiva dependerá deste aboamento.*

*Visto que efectivamente concorre a circunstancia alegada pola interesada no seu escrito e que esta figura entre as previstas no artigo 45 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156 do 16/08/2005) relativo as causas de finalización da concesión.*

*Visto o establecido no artigo 47 do citado regulamento que establece que á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e baleiros, a disposición do Concello, os bens obxecto de utilización.*

*En atención ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte:*

**ACORDO**

*Primeiro.- Tomar coñecemento da renuncia formulada por C. R. G., á concesión sobre o posto de peixe nº 1 do Mercado Municipal de Abastos de Cangas e declarar en consecuencia extinguida a concesión demanial da que era titular, coa condición de que antes do remate do presente mes de decembro aboe o recibo correspondente e abandonar e deixar libre e baleiro, a disposición do Concello, os bens obxecto da concesión.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo á interesada, xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local, co fin de deixar constancia no expediente dos postos e a súa comunicación ao conserxe da praza".*

**Expediente 2715/2017. Expediente X-16/03. Proposta da Alcaldía para cumprimento do requirimento de pago da taxación de custas nº 15239/2016 dimanada do PO nº 15239/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (ordenanza fiscal taxa ciclo da auga 2015)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**[67][68][69]**A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 10.12.2018, referente ao pagamento da taxación de custas do Decreto nº 27/2018 de 17.01.2018, recaído na peza de taxación de custas nº 15239/2016, dimanada do PO Nº 15239/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo Sección 4, que di o seguinte:

*"Visto o contido do oficio de data 28.11.2018, con rexistro de entrada municipal nº 14227 de data 05.12.2018, polo que se require o pago da taxación de custas derivada do Decreto nº 27/2018 de 17.01.2018, recaído na peza de taxación de custas nº 15239/2016 1, dimanada do*



PO nº 15239/2016 (resolto por Sentenza nº 84/2017 de 22.02.2017, que dispuxo no seu fallo a imposición das custas a esta administración), decreto cuxa parte dispositiva se reproduce a continuación:

'ACORDO:

- APROBAR A TAXACIÓN DE CUSTAS practicada neste recurso con data 18.12.2017, por importe de mil cincocentos euros (1.500,00 €), a cuxo pagamento foi condenada a administración demandada.

- No caso de ser aboada a través deste órgano, deberá ser ingresada na conta de consignacións desta sección, aberta no Banco Santander, cta. nº 3958-0000-85-5239-16'.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento do requirimento efectuado por oficio de data 28.11.2018 e do Decreto nº 27/2018 de 17.01.2018, recaído na peza de taxación de custas nº 15239/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sala do Contencioso Administrativo, Sección 4.

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de mil cincocentos euros (1.500,00 €), con cargo ao vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".

**Expediente 3345/2017. Dación de conta de Sentenza nº 434/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditada no PO nº 131/2017 (Autoridade Portuaria de Vigo)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta de data 11.12.2018, da xefa do servizo de urbanismo, referente á Sentenza nº 434/2018, ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección 2, recaída no recurso de apelación nº 4068/2018 (PO nº 131/2017), na que se dá conta dos seguintes datos:

"- Recorrente: AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

- Contido: desestima o recurso de apelación interposto polo procurador, E. P. C., en nome e representación do Concello de Cangas, contra a Sentenza nº 234/2017, de 26 de decembro de 2017, ditada polo Xulgado do Contencioso- Administrativo, nº 2 de Pontevedra no Procedemento Ordinario nº 131/2017.

- As custas impóñense á parte apelante cun límite de mil euros (1.000,00 €).

- Cabe interpoñer recurso de casación".



**Expediente 30/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para solicitude á Deputación Provincial de Pontevedra de subvención para proxectos de investimentos ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019 Liña 1-Investmentos (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 17.12.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a aprobación dos proxectos de investimentos para a súa aprobación na Deputación Provincial cargo á Liña 1 do Plan Concellos-2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar os seguintes acordos, de conformidade co exposto de seguido:

**“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DOS PROXECTOS PARA PRESENTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2019)**

1º.- Vista a comunicación con rexistro de entrada nº 13259 de 8 de novembro de 2018, remitida pola Deputación de Pontevedra respecto á apertura de prazo de presentación de solicitudes Liña 1 investimentos para o exercicio 2019, incluído no Plan de obras e servizos (Plan concellos 2018-2019), de acordo coas bases reguladoras aprobadas por acordo plenario do día 3 de xaneiro de 2018.

2º.- Vistos os proxectos elaborados pola oficina técnica municipal:

-Pavimentación enlace barrio do Forte ..... 88.612,12 €.

-Acondicionamento espazo rúas Poio – Ensinanza .... 111.118,22 €.

Elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Aprobación dos proxectos a presentar no Plan de obras e servizos 2019:

- Pavimentación enlace barrio do Forte.

- Acondicionamento espazo rúas Poio – Ensinanza.

Segundo.- Trasladar estes proxectos á Deputación Provincial de Pontevedra para solicitar a súa aprobación ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2019.

Terceiro.- *Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha axuda ou subvención de entidade pública ou privada para a execución dos proxectos que se van a solicitar.*

Cuarto.- *Declarar que o Concello non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta as bases da convocatoria e asume o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención.*

Quinto.- *Declarar que o Concello está ao corrente coas obrigas tributarias, coa facenda estatal, autonómica e coa Seguridade Social e autoriza expresamente á Deputación de Pontevedra a obter as certificacións precisas.*

Sexto.- *Dar conta da solicitude que se formula no vindeiro Pleno que se realice”.*



**Expediente 2246/2018. Proposta da Alcaldía de aprobación do expediente de contratación da obra “Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada” (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 14.12.2018, referente a aprobación de expediente de contratación da obra “Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada”, que é como segue:

*"Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12.08.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada', financiada con cargo á subvención concedida ao abeiro do 'Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019', por importe de cento cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e dous euros con oito céntimos (152.462,08 €).*

*Visto que a Intervención Municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de cento cincuenta e dous mil catrocentos sesenta e dous euros con oito céntimos (152.462,08 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.619.02 (número de asentamento 009323).*

*Visto que o día 03.12.2018 se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría (de data 07.12.2018) e intervención (informe 2018-0286 do día 13.12.2018).*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,*

**RESOLVO:**

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra 'Mellora de servizos e pavimentación da rúa Valentín Losada, xunto co prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan no expediente.*

*Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1532.619.02 do vixente orzamento municipal.*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante.*

*Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".*

**Expediente 2244/2018. Proposta da Alcaldía de aprobación de expediente de contratación da obra “Pavimentación das rúas Xoan de Cangas e Eduardo Pondal” (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 14.12.2018, referente a aprobación de expediente de contratación da obra “Pavimentación das rúas Xoan de Cangas e Eduardo Pondal”, que é como segue:

*"Visto o Decreto de Alcaldía nº 2018-1802 de data 04.12.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Pavimentación das rúas Xoan de Cangas e Eduardo Pondal', financiada con cargo á subvención concedida ao abeiro do 'Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019', por importe de cento vinte e dous mil oitocentos corenta e nove euros con noventa e dous céntimos (122.849,92 €).*

*Visto que a Intervención Municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de cento vinte e dous mil oitocentos corenta e nove euros con noventa e dous céntimos (122.849,92 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.619.04 (número de asentamento 011376).*

*Visto que o día 03.12.2018 se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerán esta licitación, e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría (de data 10.12.2018) e intervención (informe 2018-0289 do día 13.12.2018).*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,*

**RESOLVO:**

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra 'Pavimentación das rúas Xoán de Cangas (Lote nº 1) e Eduardo Pondal (Lote nº 2)', xunto co prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan no expediente.*

*Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1532.619.04 do vixente orzamento municipal.*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante.*

*Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".*

**Expediente 2240/2018. Proposta da Alcaldía de aprobación de expediente de contratación da obra “Urbanización e accesibilidade da Rúa Fonteferreira” (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía de data 14.12.2018, referente a aprobación de expediente de contratación da obra “Urbanización e accesibilidade da Rúa Fonteferreira”, que é como segue:

*"Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19.11.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de obra*



*'Urbanización e accesibilidade da Rúa Fonteferreira', financiada con cargo á subvención concedida ao abeiro do 'Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019', por importe de oitenta e un mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (81.534,60 €).*

*Visto que a Intervención Municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de oitenta e un mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (81.534,60 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1532.619.03 (número de asentamento 009864).*

*Visto que o día 03.12.2018 se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerán esta licitación, e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría (de data 10.12.2018) e intervención (informe 2018-0287 do día 13.12.2018).*

*Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire,*

**RESOLVO:**

*Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da obra 'Urbanización e accesibilidade da rúa Fonteferreira', xunto co prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan no expediente.*

*Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1532.619.03 do vixente orzamento municipal.*

*Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil de contratante.*

*Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención".*

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**